



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE  
CESANTES  
29 DE ABRIL DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior.**
- 2.- Orzamentos participativos 2015.**
- 3.- Marquesiña presupostos participativos 2014.**
- 4.- Rogos e preguntas.**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e cinco minutos, do día vinte e nove de abril de dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais e a súa suplente M<sup>a</sup>. Magdalena Ramoné Otero
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Arsenio Martínez Ricón, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais e a súa suplente María del Carmen Iglesias Dos Santos.
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais e o seu suplente José Manuel Rivas Iriarte.
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

**Incidencias**

Fernando González Fontán solicita que na acta de data 10.12.2014 no penúltimo parágrafo da páxina oito se aclare que o muro se refire ao mirador.

Acordase poñelo seguido de muro entre parénteses.

- 1.- Aprobación da acta anterior.**



CONCELLO DE REDONDELA

Sométese a aprobación a acta da xuntanza de data 04.03.15.

Luis Medal Fiel solicita que conste despois do parágrafo sétimo da páxina tres a súa intervención indicando que consultado con Costas, lles informa que están dacordo con que sería mellor facer o muro inclinado, o máximo que eles permiten é de un tres, pero neste caso autorízase un cinco para non invadir o terreo dos veciños.

Fernando González Fontán solicita que no parágrafo sétimo da páxina oito se corrixa onde di no que esvaran os coches deber dicir no que esvaran as persoas.

Apróbase a acta por todos os membros presentes agás Leonardo Cabaleiro Couñago que se absten.

## **2.- Orzamentos participativos 2015.**

O Presidente solicita aos colectivos que expoñan as propostas e indica que supón que pola orde que as vaian dicindo será por orde de prioridade de importancia.

Luis Medal Fiel pregunta se houbo algunha variación nos orzamentos participativos, se se invirte no mesmo.

O Presidente lle contesta que en principio é no mesmo.

Luis Medal Fiel quere que conste en acta que no pleno se tratou o tema do regulamento, das bases para os orzamentos participativos e non se apoiou.

Cecilia Pérez Orge lle contesta, en relación á moción que presentou AER, explica por qué o BNG votou en contra, a falta dun mes para as eleccións non é momento. Indica que non están de acordo en que o reparto de cartos sexa de maneira lineal, ten que ser anterior á aprobación do orzamento do Concello.

Leonardo Cabaleiro Couñago indica que eles farían a distribución dos orzamentos doutra maneira, non repartindo os cartos de forma lineal. Coméntalle aos colectivos que non invirtan os orzamentos participativos en gastos correntes.

José Ramón Bouzón Loureiro di que neste momento o que está aprobado é 13.500 euros para invertir, se noutro momento se cambia xa se verá.

Cecilia Pérez Orge acláralle que eles, as asociacións, poden decidir en que invertir.

Luis Antonio Medal Martínez di que xa se falou que se podían buscar outras formas distintas de participar nos orzamentos.

Cecilia Pérez Orge di, que se están de acordo, o Consello pode instar ao próximo goberno a iniciar o proceso de orzamentos participativos antes de aprobar o presuposto.



CONCELLO DE REDONDELA

Marta Rosa Ramos Álvarez pasa a explicar en que acordaron investir:

1º.- Arranxar a beirarrúa de arriba e facer unha nova na parte de abaixo do Colexio de Cesantes, no Concello lle calcularon un orzamento sobre uns 4.500 euros.

Lle pregunta ao presidente se despois de facer as propostas, poden pedir presuposto a varias empresas.

O Presidente lle explica que o mellor sistema é como fan no Viso, pedir varios presupostos para comparar.

2º.- Colocar luces en San Pedro onde está a pista deportiva - de baile.

O Presidente pide que lle aclaren cantos postes queren colocar e focos, porque dependendo do que sexa non tería o mesmo coste. Entende que se refiren a colocar dous postes cun foco para cada lado e chegada unha hora se apagarían. Pídelles que pidan presupostos.

Fernando González Fontán pregunta aos colectivos se vai quedar constancia de que punto pide cada colectivo ou se vai ser en conxunto.

O Presidente contéstalle que iso o teñen que falar entre eles e que o que se propón é traído entre todos.

Cecilia Pérez Orge indica que se entende que a petición é conxunta e o Concello ten que facer propias esas solicitudes.

3º.- Luz na caseta da Virxe que ilumine cara á Illa de San Simón.

José Ramón Bouzón Loureiro pensa que non pintan nada os focos enfocando cara o mar, propón proxectar a caseta da santa.

O Presidente lles pide que este punto non o inclúan nos orzamentos participativos porque hai un compromiso de facer esa actuación, quitar eses focos e colocar uns novos.

Fernando González Fontán di que antes a Illa estaba máis iluminada, pregúntalle a José Ramón Bouzón Loureiro se está de acordo en pedir que se repoñan os focos para iluminar a Illa.

4º.- Liña eléctrica para mellorar a iluminación no camiño Campos da Ribeira e que non teñan que encenderse a man.

Fernando González Fontán explica que non se sabe de quen é ese camiño.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente indícalles que antes de pedir as cousas teñen que informarse. Explica que o camiño dende o paseo da praia ata o cruce do camping é municipal e do cruce do camping hacia o apeadeiro non. Ademais, informa que se trata dun camiño de pé, con predios a un lado e outro e hai pouco espazo para poñer os postes. Pídelles que o pensen.

5º.- Billa de auga na zona do Antolín.

Mercedes Iglesias Bouzón explica que sería bo colocar unha billa de auga na zona do Regato ou do Antolín.

Acordan colocar dúas fontes, cun poste de pedra e un grifo con pulsador, unha na zona do Antolín e outra na zona do Regato.

José Ramón Bouzón Loureiro engade que na zona do Antolín pódese aproveitar para colocar a fonte donde deixaron a manguera.

O Presidente indícalles que se trataría dunha fontes similares á que se pediu para a zona de San Pedro.

6º.- Un sinal de prohibido aparcar na curva de Zacande, onde os contenedores.

7º.- Luces para iluminar o galo da praia.

8.- Na fonte da Coviña facer un trozo de muro que está a caír.

O Presidente explica onde é o muro e o seu estado, o tería que facer o Concello para suxeitar o camiño.

A parte destes puntos, José Ramón Bouzón Loureiro comenta que se falou de facer un cadro eléctrico, cunha caixa con chave, contador, etc, onde está a caixa onde fan a festa do Carme, en vez de estar nunha árbore, pero é unha obra moi cara e é mellor gastar os cartos noutras cousa, pode verse máis adiante.

### **3.- Marquesiña presupostos participativos 2014.**

O Presidente explica que hai un problema cos veciños coa marquesiña antes de Talleres Crespo dirección Redondela, decidiuse facer unha marquesiña sen laterais, colocouse e comprobouse que tapa toda a vista da casa. Indica que a veciña pediulle que a quite. Informoulle do proceso de aprobación das marquesiñas e indicoulle que se ten que dar coñecemento ao Consello Parroquial para ver que deciden.

O Presidente comenta que falou con Fomento de colocala máis adiante onde non hai casa. Ademais, di que a veciña pide que se quite a marquesiña para pintar a barandilla.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente explica que dende o Concello proponse desmontala e poñela provisionalmente onde está Frigo, que o autobús tamén está parando alí. Comenta que diante da fachada non queda ben. Pregúntalle aos membros do Consello que queren que se faga, desmontar a marquesiña e gardala, ou colocala noutro sitio. Trae o tema a modo de consulta, despois o Concello decidirá.

Fernando González Fontán di que varios veciños lle recriminaron porque se puxo a marquesiña, eles dicen que foi o concelleiro, Jesús Crespo, quen lles explicou que a responsable foi a asociación de veciños. Explica que a asociación acordou facer unha reunión con todos os veciños da zona para saber as opinións e plantexar acercar as paradas cara a Redondela.

O Presidente contéstalle que el non lle dixo iso aos veciños e simplemente traslada unha queixa da propietaria da vivenda porque lle quita visibilidade.

Fernando González Fontán di que eles piden quitala.

Luis Antonio Medal Martínez di que hai que ver a necesidade e uso da marquesiña, a posibilidade de colocala noutro sitio e por último sería a necesidade desa veciña.

Fernando González Fontán explica que ahí molesta a varios veciños, máis adiante non.

O Presidente explica que a marquesiña molesta a unha veciña e a parada a varios veciños.

Cecilia Pérez Orge di que se pode desmontar a marquesiña para pintar a barandilla, retirala e que o Concello xestione con Fomento o cambio de parada.

Luis Antonio Medal Martínez di que a parada é de uso público no só para os veciños e non se pode priorizar a opinión dun veciño sobre o resto.

María Fernanda Castro Montero pide que se quite para que pinten e despois se volva a colocar.

O Presidente explica que o cambio de parada foi unha xestión verbal, que a Fomento lle parece bo sitio, que a asfaltarían e a pintarían. Engade que lle informará á veciña que se decidiu quitar a marquesiña para pintar e despois volver a colocala pero a decisión a tomará o Concello.

### **4.- Rogos e preguntas**

O Presidente contesta a pregunta do consello pasado relativa ao colexio CEIP San Pedro, indica que se falou coa ANPA en que o muro en mal estado hai que retranquealo 2 mts. para dentro e quedaría ben para aparcamento para poder recoller aos nenos diante do colexio. A concelleira de ensino, M<sup>a</sup> Teresa París, informoulle que está previsto que fagan as obras en verán cando acabe o curso.



CONCELLO DE REDONDELA

Marta Rosa Ramos Álvarez pregunta en relación ao punto 12 da acta do anterior consello, relativo ao lombo de burra, se xa acabaron as obras para facelo.

O Presidente contéstalle que entendeuille ao concelleiro de vías e obras, Cándido Vilaboa, que calquera das empresas que están asfaltando o pode facer.

Marta Rosa Ramos Álvarez contéstalle que entón ata o curso que ven non vai haber lombo de burra.

O Presidente lle explica que os lombos de burra custan sobre uns 3.000 euros e aclara que os de Zacande vanse pintar.

Luis Medal Fiel roga que se coordinen as obras e cando se fagan os lombos de burra que se pinten, que xa fai que se fixeron e non están nin pintados nin sinalizados.

Mercedes Iglesias Bouzón expón o problema que teñen as mariscadoras coa recollida das algas, nos meses de xaneiro, febreiro, etc, non hai problema porque o recollen os veciños para fertilizar as leiras pero nos meses de maio, xuño, xullo e agosto, non hai quen as recolla, solicita se se pode colocar un contenedor para recoller esas algas, sería dous venres ao mes.

Cecilia Pérez Orge lle pregunta quen recolle esas algas.

Mercedes Iglesias Bouzón explícalle que as mariscadoras pero despois non teñen que facer con elas.

O Presidente di que o Concello pode colaborar e poñer un contenedor nos meses de verán para botalas.

Fernando González Fontán pregunta se non se tratou de contratar unha empresa para reciclar as algas.

Leonardo Cabaleiro Couñago indica que cando se elaboren os orzamentos, dentro da subvención que dá o Concello á Cofradía, pódese negociar ese custo.

Luis Medal Fiel di que o tema é quen ten que facer a recollida, é Urbaser quen ten que recoller as algas da praia e non se está respectando, hai que informarse e buscar unha solución, se o ten que facer Urbaser que non o faga o Concello.

Cecilia Pérez Orge lle explica que no seu día Urbaser denunciara ao Concello por ese tema, foran ao contencioso-administrativo, gañou Urbaser e o Concello tivo que pagarlle ese servizo.

Fernando González Fontán di que o tema de colocar os tres contenedores na zona da praia, deberíaselle buscar unha solución porque alí non dan boa imaxe, cheiran, etc.



CONCELLO DE REDONDELA

Ademais, pregunta porqué se convoca o Consello a menos dun mes das eleccións e non se convocou polo muro da praia e pola eliminación do tendido eléctrico na praia.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.